


# QUE FACEMOS DESPOIS CO SANGUE DOADO?



Cada día os hospitais galegos precisan **500 doazóns de sangue** para atender unha media de 2.800 urxencias, 575 intervencións cirúrxicas e 1 transplante de órganos.


## CONSERVACIÓN:



**GLÓBULOS VERMELLOS**  
Duran 45 días a 4 °C




**PLASMA**  
Dura 2 anos a 30 °C baixo cero



**PLAQUETAS**  
Duran 7 días a 22 °C



Os **glóbulos vermellos** axudan en moitas intervencións cirúrxicas a persoas que sofren accidentes de tráfico ou que precisan un transplante de órganos.



As **plaquetas** son necesarias para axudar a doentes con cancro ou leucemia, e tamén nos transplantes de médula ósea, por exemplo.



O **plasma** adicase ao tratamento de grandes queimados, nos transplantes de fígado e en enfermos que perderon moito sangue.

# DOA SANGUE

#sumateaonosoequipo



## IRIXOA


Luns, 13 de xaneiro

UNIDADE MÓBIL AO CARÓN DO  
CUARTEL DA GUARDIA CIVIL  
(CAMPO SERVIZOS MÚLTIPLES  
LUGAR AIRAVELLA)

16:00 a 21:00 horas

Cando acudas a doar sangue non esquezas traer o DNI.  
Non acudas sen almorzar e despois do xantar espera 2 horas.  
Informa ao médico se estás a tomar algún medicamento.

# HOXE 500 PERSOAS DEPENDEN DE TI



## 1. POR QUE DOAR SANGUE

- A** Porque non se pode fabricar.
- B** Porque os hospitais galegos precisan 500 doazóns todos os días para axudar as persoas enfermas.
- C** Porque é un ben escaso. Non todas as persoas queren doar nin todas poden ser doadoras.
- D** Porque o sangue ten unha duración limitada.
- E** Por iso precisamos doazóns todos os días do ano.
- F** Porque non debilita o noso organismo.
- G** Porque dende 1985 a doazón de sangue por lei é un acto voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuito.


## 2. QUEN PODE DOAR SANGUE

**IDADE:** persoas maiores de 18 anos.

**PESO:** máis de 50 quilos.

**SAÚDE:** cunha saúde normal.


**PROBAS:** pasar a entrevista co médico e as análises para garantir que a doazón é segura para o doador e para o receptor do sangue.



# O PROCESO DA DOAZÓN

## 1. PASOS PREVIOS

- A CHEGADA**  
O doador é atendido por persoal sanitario.
- B ENTREVISTA PREVIA**  
Antes da doazón, un médico revisa a súa saúde para garantir que o sangue pode axudar os enfermos. Ao doador tómaselle a tensión, mídeselle o pulso e o peso corporal e desbótase a existencia dunha anemia.




- C CONSENTIMENTO**  
Antes da doazón, a persoa é informada sobre as causas que impiden a doazón, e dá o seu consentimento para que se poida utilizar o seu sangue.
- D ANÁLISES**  
O sangue doado pasa por moitas análises e controis de calidade.

## 2. A DOAZÓN DE SANGUE

- A** Doar sangue dura entre 5 e 7 minutos.
- B** O sangue do doador recóllese nunha bolsa da que despois se obteñen tres compoñentes sanguíneos.

- C** Tamén é preciso obter uns tubos con sangue para as análises.



- D** A extracción realízase con material esterilizado e dun só uso.
- E** A doazón de sangue non debilita o noso organismo.

## 3. RECUPERACIÓN

Rematada a doazón, o doador toma un refrixerio para volver á súa actividade normal.

